



Boletín Nº 169. Martes, 26 de julio de 2005

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [IV.2 MUNICIPAL](#) - [CAMBRE](#)

ANUNCIO Pág. 9412 Reg. 9108-0.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

*Modificación da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no "Programa mañanceiro", inscrición e selección dos solicitantes*

A Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 28 de abril de 2005, aprobou, con carácter inicial, a modificación da Ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no "Programa mañanceiro", inscrición e selección dos solicitantes.

Exposta ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, enténdese definitivamente aprobada.

A teor do previsto no artigo 70.2 da citada lei, e artigo 196.2 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, publícase integramente o devandito texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberase presentar ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

En virtude do exposto, publícase integramente a modificación da ordenanza reguladora da prestación dos servizos contidos no "programa mañanceiro", inscrición e selección dos solicitantes, no que se refire aos artigos e apartados que se detallan a continuación:

Artigo 5, punto 1, apartado primeiro, queda redactado do seguinte teor literal:

"Os servizos do programa serán prestados polo Concello de Cambre por instancia dos interesados, e establécese un prazo de inscrición que será dende a segunda quincena do mes de xuño ata a primeira quincena do mes de xullo do curso escolar anterior ao da posta en marcha do novo servizo".

Os demais apartados do punto 1 non se modifican.

Artigo 5, punto 2, apartado primeiro, queda redactado do seguinte teor literal:

"As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello segundo o modelo establecido, modelo que se achega como ANEXO II, xuntando con ela fotocopia da seguinte documentación:

a) No suposto de que haxa menos solicitudes ca prazas e nun primeiro momento:

- \* Resgardo da matrícula escolar.
- \* Título de familia numerosa (se se dese o caso).

b) No suposto de que haxa máis solicitudes ca prazas:

- \* Libro de familia.
- \* Resgardo de matrícula escolar.
- \* Certificado de minusvalía do participante, se se dese o caso, e informe médico.
- \* Aqueles participantes que teñan problemas alimentarios (celíaco, diabético...) achegarán informe médico onde se recollan.
- \* Vida laboral do pai, nai e/ ou titor legal.
- \* Tarxeta de demanda de emprego.
- \* Sentencia de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez.
- \* Xustificación de ingresos económicos:
  - Se tivo que facer declaración do IRPF:
    - \* Declaración do IRPF de cada membro da unidade familiar computábel para efectos económicos, do ano anterior.
    - Se non tivo obriga de presentar declaración do IRPF:
      - \* Certificado da Axencia Tributaria, do ano anterior, onde figure que non fixo a declaración do IRPF, ou
      - \* Certificado de bases impositivas, do ano anterior, ou
      - \* Certificación expedida polo organismo competente (INEM, Xunta, Seguridade Social...) se percíbese algunha prestación ou pensión (RISGA, PNC, viuvez, orfandade, xubilación...)
  - \* Outros documentos, se procede, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.

Para tal efecto, rematado o prazo de recepción de solicitudes procederase ao exame da documentación presentada e no suposto de que se presentasen máis solicitudes ca prazas, requiriráselles aos interesados para que no prazo de 10 días presenten a documentación á que se fai referencia no punto dous b, do presente artigo coa indicación de que, se así non se fixese, terase por desistido da súa petición, logo da resolución en tal sentido."

Artigo 6, engádese un apartado primeiro do seguinte teor literal:

"Admitiranse logo da resolución adoptada para o efecto a todos os solicitantes sempre e cando non haxa máis solicitudes ca prazas."

Artigo 6, no apartado segundo queda redactado do seguinte teor literal:

"E de non ser así, a selección dos participantes efectuarase en función da puntuación conseguida segundo o baremo establecido no Anexo I, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborábeis da unidade familiar."

Os demais apartados do artigo 6 non se modifican.

Artigo 7, queda redactado do seguinte teor literal:

#### **Art. 7.- Comisión de Baremo.**

"Cando non haxa máis solicitudes ca prazas serán valoradas polo/a técnico/a responsábel do programa sen ter que se reunir a comisión de baremo para todas as solicitudes presentadas. No caso contrario, aplicarase un procedemento de estimación. Para tal fin constituirase unha comisión de seguimento composta por:

\* O concelleiro delegado da Área de Cultura e Benestar Social ou concelleiro/a en quen delegue.

\* A concelleira de Educación, Muller, e Normalización Lingüística.

\* O director do Centro Escolar de Educación Infantil e Primaria.

\* O presidente da ANPA ou membro en quen delegue.

\* O/A técnico/a de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple e resolverá, en caso de empate, o concelleiro delegado da Área de Cultura e Benestar Social.

Artigo 8, modifícase o primeiro apartado e queda redactado do seguinte teor literal:

"Unha vez estudadas todas as solicitudes presentadas e unha vez resoltas, publicarase a relación de admitidos, excluídos e lista de espera no taboleiro de anuncios.

As vacantes que se vaian producindo serán cubertas polos/ as nenos/as que estean en lista de espera."

Artigo 9, modifícase o punto segundo e queda redactado do seguinte teor literal:

Se houbese máis solicitudes ca prazas no prazo de 10 días deberá presentar a documentación que mostramos a continuación, segundo o establecido no artigo 5 da ordenanza reguladora do Programa Mañanceiro.

- Libro de familia.

- Certificado de minusvalía do participante, se se dese o caso, e informe médico.

- Aqueles participantes que teñan problemas alimentarios (celíaco, diabético...) achegarán informe médico onde se recollan.

- Vida laboral do pai, nai e/ou titor legal.

- Tarxeta de demanda de emprego.

- Sentencia de separación ou divorcio ou xustificante de viuvez.

- Xustificación de ingresos económicos:

- Se tivo que facer declaración do IRPF:

\* Declaración do IRPF, de cada membro da unidade familiar computábel para efectos económicos, do ano anterior.

- Se non tivo obriga de presentar declaración:

\* Certificado da Axencia Tributaria, do ano anterior, onde figure que non fixo a declaración do IRPF.

\* Certificado de Bases Imponíbeis, do ano anterior.

\* Certificación expedida polo organismo competente (INEM, Xunta, Seguridade Social...) se percibise algunha prestación ou pensión (RISGA, PNC, viuvez, orfandade, xubilación...).

- Outros documentos se procede nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuábeis no baremo.

Cambre, ..... de .....de 200.... Sinatura (pai /nai /titor)


Cambre, 13 de xullo de 2005

O alcalde

Asdo: Antonio Varela Saavedra



[Grande \(108Kb\)](#)  
[Pequeña \(40Kb\)](#)



[Grande \(92Kb\)](#)  
[Pequeña \(32Kb\)](#)

Reg. 9108-0



De acordo con el artículo 7.1 de la Ley 5/2002, del 4 de abril, Reguladora de los Boletines Oficiales de las Provincias, los originales serán transcritos en la misma forma en que se hallen redactados y autorizados por el órgano remitente, sin que por ninguna causa puedan variarse o modificarse sus textos una vez éstos hayan tenido entrada en el Boletín Oficial, salvo que el órgano remitente lo autorice de forma fehaciente.

